
A CINCENTA

LUNS 5 XANEIRO 2026

Auditorio de Galicia, 20:30 h

MARTES 6 XANEIRO 2026

Auditorio de Galicia, 18:00 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

Lorena Conde, dramaturxia

e dirección de escena

Belén Constenla, actriz

Lidia Veiga, actriz

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



PROGRAMA

SERGUÉI PROKÓFIEV (1891-1953)

A Cincenta, op. 87 (selección)

Acto 1

Abertura

Danza do mantón

O pai de Cincenta

A fada madriña

A fada da primavera

A saída retrásase

Escena do reloxo

Cincenta marcha para o baile

Acto 2

Cincenta chega ao baile e o gran valse

As irmás a dúo coas laranxas

Medianoite!

Acto 3

A mañá despois do baile

O Príncipe con Cincenta, 'Amoroso'

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e César Ramos o seu director asistente desde 2026. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

Bernat Prat, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Ildiko Oltaj **
Ilya Fisher
Michal Ryczel
Anna Alexandrova
Kiyoko Ohashi
Yulia Petrushevskaya

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Helena Sengelow
Irina Gruia
Gyula Vadaszi
Enrique Roca
Samira Ajkic
Elina Viksne

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Timur Sadykov
Anne Schlossmacher
Iriana Fernández

VIOLONCELLOS

Barbara Switalska *
Millán Abeledo **
Carlos García
Fabio Arias
Thomas Piel
Manuel Lorenzo

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo (R)

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Carmen Ferreiro

ÓBOES

Avelino Ferreira (R)

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

PERCUSIÓN

M^a Isabel Diego (R)
Marta Prado (R)

TROMBÓN

Arturo Centelles (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

ARPA

Beatriz Cortesao (R)

PIANO/CELESTA

Haruna Takebe (R)

BALDUR BRÖNNIMANN

DIRECTOR

Baldur Brönnimann é un director de orquestra de gran flexibilidade e cunha visión aberta para a creación de programas e a práctica musical. Está profundamente comprometido en facer que a música clásica sexa relevante no século XXI e, con este obxectivo, traballa activamente como comisario de novas obras e como curador de festivais e ciclos. É director titular e artístico da Real Filharmonía de Galicia e da Escola de Altos Estudos Musicais, director do programa Contemporary-Conducting na Lucerne Festival Academy e cofundador do Between Mountains Festival en Suíza, unha celebración de 24 horas de música clásica, ambiental, electrónica e contemporánea, que se lanzou en xullo de 2025.

Dirixiu interpretacións de referencia de obras de compositores como Saariaho, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel, Birtwistle e Zimmermann en festivais como Lucerne, Wien Modern, Darmstadt, Donaueschingen, Grafenegg, Mostly Mozart no Lincoln Center e nos BBC Proms. É tamén altamente valorado por compositores vivos como Chin, Lachenmann e Neuwirth.

Brönnimann actúa regularmente por toda Europa. Na tempada 25/26 destacan os seus debuts co Antwerp Symphony, Philharmonisches Orchester Freiburg e Musikkollegium Winterthur, así como o seu regreso á WDR Symphony, á Iceland Symphony e á Helsingborg Symphony.

No ámbito operístico, dirixiu *Le Grand Macabre* de Ligeti na English National Opera, na Komische Oper Berlin e no Teatro Colón de Bos Aires, tanto na produción de *La Fura dels Baus* como na de *Barrie Kosky*. Tamén levou á escena *The Death of Klinghoffer* de John Adams na English National Opera, *L'amour de loin* de Saariaho no Bergen Festival e na Opera de Noruega, e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan no Theater an der Wien. No Teatro Colón tamén dirixiu *Erwartung* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski, *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann co propio compositor como narrador, así como *Die Soldaten* de Zimmermann. Na tempada 25/26 regresará á English National Opera cunha nova produción de *Angel's Bone* de Du Yun.

En 2023 foi nomeado director titular e director artístico da Real Filharmonía de Galicia e da Escola de Altos Estudos Musicais en Santiago de Compostela. O enfoque das súas tempadas céntrase no apoio a novos músicos, compositores e directores, no fomento dunha interacción máis próxima coas comunidades locais e na creación de novos formatos de concerto destinados a atraer novos públicos.

Anteriormente foi director titular da Basel Sinfonietta (2016–2023), director titular da Orquestra Sinfónica do Porto Casa da Música (2014–2020), director artístico do BIT20 Ensemble, principal agrupación de música contemporánea de Noruega (2011–2015) e director musical da Orquestra Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá (2008–2012).

Nado en Suíza, Brönnimann formouse na City of Basel Music Academy e no Royal Northern College of Music en Manchester, onde posteriormente foi nomeado profesor visitante de dirección orquestral. Actualmente reside en Madrid.

LORENA CONDE

DRAMATURXIA E DIRECCIÓN DE ESCENA

Lorena Conde desenvólvese nos terreos da dramaturxia, a dirección escénica, a interpretación, as artes plásticas e a literatura.

É integrante da compañía Matrioshka Teatro onde escribe e actúa. É cofundadora da compañía A Feroz para a que tamén escribe e dirixe.

En 2016 gaña o XVIII Premio de poesía Miguel González Garcés con *Entullo*, o seu primeiro poemario. En 2020 faise co III Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil coa novela *Velloucas & Minchas*, co XXXVI Premio de poesía Cidade de Ourense co poemario *As puntas da louza. Cancioneiro de labor* e co I Premio de Poesía Filomena Dato co poemario *Ave do Paraíso*.

BELÉN CONSTENLA ACTRIZ

Actriz de teatro, desde o ano 1986 actuou coas compañías Teatro Caritel, Centro Dramático Galego (1989-2001), Teatro do Noroeste, Espello Cóncavo, Ur Teatro, Ollomoltranvía, Teatro do Aquí, Teatro do Morcego, Teatro do Atlántico e Lagarta, Lagarta.

Na TVG colaborou en programas como *Magazine Crocante* (1991), *Luar* (1996), *Supermartes* (1997-1998), *Tequelexou* (2001-2002) e como actriz secundaria en *Pratos combinados* (1998-1999) e protagonista en *Rías Baixas* (2000-2003) e *A vida por diante* (2006-2007), o seu último proxecto televisivo en Galicia ata o momento. Posteriormente, en 2008, colabora nas series de TVE *El caso Waninkhof* e *Guante blanco*, dirixida polo responsable d'*A vida por diante*, o galego Carlos Sedes.

Tamén participou en varias películas e colaborou con papeis episódicos nas series *El Comisario* e *Hospital Central*, ambas as dúas de Telecinco.

LIDIA VEIGA ACTRIZ

Graduada en interpretación xestual pola ESAD de Galicia, traballou en audiovisual en series como *Método Criminal* e *A Lei de Santos* (TVG), papel que lle outorgou un nomeamento á mellor actriz secundaria nos Premios Mestre Mateo en 2021, e en máis de quince curtametraxes distintas. Na súa, aínda breve, traxectoria no mundo da interpretación acumula xa múltiples recoñecementos. Co seu traballo en *IRIBARNE*, de ButacaZero, gañou en 2025 o Premio María Casares á Mellor Actriz Protagonista, o Premio Maruxa Villanueva de Teatro que concede o concello de Padrón e foi candidata á mellor interpretación feminina nos Premios Max de 2024.

Dende 2023 colabora semanalmente no podcast *Exército Mekemeke*, programa de humor finalista nos Premios Ondas ao mellor podcast en lingua cooficial.

En 2024, presentou a Gala dos XXII Premios Mestre Mateo xunto a Miguel Canalejo dende o Coliseum da Coruña. Na gala deste mesmo ano foi candidata por primeira vez á mellor interpretación feminina protagonista pola longametraxe *Cando toco un animal*.

NOTAS AO PROGRAMA A CINCENTA

Como cada ano, chega un dos programas máis especiais e agardados da temporada da Real Filharmonía de Galicia: o Concerto de Reis. Nesta ocasión, a orquestra interpretará unha selección de números pertencentes ao ballet *A Cincenta* op. 87 de Sergei Prokófiev.

Como ben é sabido, *Cincenta* é un dos contos de fadas máis coñecidos da nosa tradición popular. Este tipo de xénero xorde a finais do s. XVII e nel sempre están presentes unha serie de tópicos como a fantasía, a maxia, o amor, un feitizo ou encantamento e certa idea de atemporalidade. Algúns dos autores que máis sobresaíron neste tipo de relatos foron Andersen, os irmáns Grimm, Afanásiev e o francés Charles Perrault. Este último adaptou numerosos contos de tradición oral ben coñecidos como *Carapuchiña vermella*, *O gato con botas*, *A bela dormente*, *Barba Azul*, *Polgariño* e tamén *A Cincenta*, cuxa versión en francés é unha das máis coñecidas. Perrault (1628-1703) foi un importante funcionario da corte do rei Sol (Luís XIV) e destacou na escritura de contos. A súa obra máis distinguida (a pesar de que el a consideraba menor) é *Historias*

ou contos do pasado (1697), que tamén se denominou *Contos de mamá Oca* por unha ilustración que aparecía na portada. Nela recompílanse contos antigos de diversas tradicións europeas e orientais, todos eles nun estilo sinxelo e claro e cunha intención moralista.

A Cincenta trata cuestións como a inxustiza e o sufrimento dentro do seo familiar ou o triunfo da bondade e o amor, e conta coa presenza de arquetipos como o personaxe malicioso da madrastra ou a fada madriña, que representa a axuda externa que acompaña á protagonista a atoparse a si mesma e o seu destino. O psiquiatra Carl Jung (1875-1961) estudou o concepto do "inconsciente colectivo", unha especie de substrato universal común do que formarían parte as lendas, os mitos, os sonhos, pero tamén os contos populares de tradición oral nos que se recollen sentimentos e pulsións básicas como amar, sobrevivir ou a busca de liberdade, e nos que sempre están presentes as figuras arquetípicas. A este respecto é interesante sinalar que a historia d'*A Cincenta* europea existe tamén noutras tradicións como na antiga Grecia, na China (onde se chama Pés de Loto)

ou en Vietnam (Arroz Partido). Volvendo á nosa tradición cultural, cabe dicir que a historia que nos ocupa deu lugar a moitas obras musicais como as óperas *La Cenerentola* de Gioacchino Rossini e *Cendrillon* de Jules Massenet, o ballet *Aschenbrödel* de Johann Strauss fillo ou a obra que hoxe imos escoitar de Prokófiev. Tampouco podemos esquecernos do filme de animación producido por Walt Disney en 1950 que deu o pulo definitivo á historia cara ao gran público.

O argumento, por todos coñecido, aborda a historia dunha moza que é maltratada pola súa madrasta e as fillas desta despois de que o seu pai biolóxico faleza. Ao quedar soa comezan a sometela: relégana a durmir no faiado, convértena nunha doncela que se encarga das tarefas máis duras da casa, despóxana de todas as súas pertenzas. De feito, chámana Cincenta porque vive rodeada de cinza e po. Un día o rei do lugar no que viven decide dar unha festa para que o seu fillo coñeza a todas as mozas co fin de atopar unha esposa. Cincenta consegue asistir grazas á axuda dunha fada coa única obxección de que ás doce da noite debe escapar para non ser descuberta. Pasa toda a noite bailando e desfrutando co príncipe e á hora acordada comeza a súa fuxida ás carreiras, perdendo o seu zapato. O príncipe atópao e inicia unha busca incansable para dar coa dona do

mesmo. Finalmente, todo acaba en ledicia e triunfa o amor: Cincenta e o príncipe casan e remata a tortura para a nosa protagonista.

Sergei Prokófiev compuxo o ballet *A Cincenta* entre 1940 e 1944, en plena Segunda Guerra Mundial. O autor ruso naceu en Sontsovka (actualmente Ucraína) no seo dunha familia que lle achegou unha fonda formación cultural, o que potenciou o seu talento excepcional para a música. En 1904 ingresou no Conservatorio de San Petersburgo onde se graduou en composición en 1909 e tamén se formou en piano. Nesta etapa educativa tivo bastantes tensións cos seus profesores (Lyadov, Korsakov), xa que pensaba que eran moi conservadores. A súa traxectoria compositiva pode dividirse en tres períodos. Un primeiro en Rusia, que algúns denominan ultramodernista, no que anticipa trazos do Neoclasicismo que se desenvolverá na década dos 20 coa súa obra máis coñecida: *Sinfonía Clásica*. As súas premisas principais nestes anos foron o antirromanticismo e o antisentimentalismo chegando a afirmar: "Por conseguinte penso que o desexo que eu e moitos dos meus colegas compositores temos de alcanzar unha expresividade máis sinxela e melódica é a inevitable dirección que tomará a música do futuro. Existe unha volta cara ás formas clásicas que comparto totalmente..." En

1918, despois da Revolución Bolxevique do ano anterior, decide abandonar o seu país ata que a situación se calme e estabilice. Finalmente, pasa 18 anos fóra da súa patria, á que volve puntualmente en ocasións concretas, residindo nos EUA e logo asentándose en París. Este período intermedio (1918-1936) é o máis complexo e experimental. A terceira etapa vai dende a volta definitiva a Rusia en 1936 ata a súa morte en 1953, curiosamente un día antes da de Stalin. Nestes anos retoma a simplicidade melódica e harmónica e intenta equilibrios entre o seu propio estilo e as imposicións do réxime soviético co que mantivo unha relación ambigua ao igual que outro autor coetáneo, Shostakovich. Desta época é a obra que hoxe escoitaremos e tamén outro dos seus ballets máis coñecidos: *Romeo e Xulieta*; música para películas como *Iván o terrible* ou *Alexander Nevsky* e composicións para actos oficiais. En 1948 Zhdanov emite un decreto polo que a súa obra será declarada “allea ao pobo ruso”, pero a censura non foi aplicada ata despois da morte de Prokófiev.

A *Cincenta* é o sexto e último ballet do compositor. Como xa sinalamos foi escrito entre 1940 e 1944. Esta tardanza debeuse a que despois de que Hitler invadira a Unión Soviética en 1941, Prokófiev decidiu centrarse na súa ópera *Guerra e Paz*

e aparcou a composición do ballet. O encargo foi do Teatro de Ópera e Ballet Kirov de Leningrado, o mesmo que lle pedira *Romeo e Xulieta*, pero estreouse finalmente o 21 de novembro de 1945 no Teatro Bolshoi. O libreto foi escrito polo dramaturgo Nicholas Volkov e a estrea contou con coreografía de Rostislav Zakhrov e escenografía de Pyotr Vilyams. O papel principal foi creado para a bailarina Galina Ulanova, pero na *premiere* foi interpretado por Olga Lepeshinskaya. A obra acadou o favor do público dende o principio e Dmitri Shostakovich escribiu en *Pravda* (diario oficial do Partido Comunista) ao respecto dela que era “digna das gloriosas tradicións do ballet ruso” e que “con esta obra o ballet ruso deu un paso adiante”. Así mesmo, convén sinalar que o compositor creou obras derivadas desta peza como tres suites orquestrais, arranxos de certos números para piano (*Tres pezas para piano* op. 95 e *Dez pezas para piano* op. 97) e tamén un fragmento para violoncello e piano, o *Adagio* op. 97 bis. O ballet orixinal divídese en tres actos que acontecen nunha noite enteira e hoxe escoitaremos unha selección conformada por oito números do primeiro acto, catro do segundo e dous do terceiro (algún deles fragmentado) que nos achegarán ao fermoso universo do conto.

Pechamos estas notas cunhas reflexións que o propio autor fixo sobre o seu ballet

no ano da estrea: "O que desexaba expresar sobre todo na música de *Cincenta* era o amor poético de Cincenta e o Príncipe, o nacemento e o florecemento dese amor, os obstáculos no seu camiño e finalmente, o soño cumprido (...) A música ten tres temas básicos. O primeiro tema: Cincenta maltratada e abusada; o segundo tema: Cincenta casta, pura e pensativa; e o terceiro, un tema amplo: Cincenta namorada, radiante de felicidade. Tentei transmitir os diferentes personaxes a través da música: a doce e pensativa Cincenta, o seu tímido pai, a súa malhumorada madrasta, as súas egoístas e caprichosas irmás, o apaixonado príncipe, de tal maneira que os espectadores non puideran evitar compartir as súas alegrías e tristezas (...) Escribín *Cincenta* na tradición do antigo ballet clásico; ten *pas de deux*, *adagios*, *gavotas* e varios vales, unha *pavane*, *passepied*, *bourrée*, mazurca e galopes. Cada personaxe ten a súa variación".

Carme Tubío Barreira

PRÓXIMO CONCERTO
**ORQUESTRA SINFÓNICA
DE GALICIA**

XOVES 15 XANEIRO (18€)
Auditorio de Galicia, 20.30h

Thomas Dausgaard, director
· A. Bruckner: Sinfonía núm. 9 en re menor

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)
[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)
[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

X

[@CCultura](https://www.x.com/CCultura)

TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

**FILHARMÓNIA
DE GALICIA**

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA

